



Peter Harkin

Lorna Shaughnessy (Belfast, Irlanda do Norte, 1961) é poeta, tradutora e profesora universitaria de Estudos Hispánicos na Universidade Nacional de Irlanda, en Galway.

Publicou tres poemarios: *Torching the Brown River [Incendiar o río Brown]*, *Witness Trees [Árbores testemuñas]* e *Anchored [Ancorada]*, en 2008, 2011 e 2015 respectivamente. Un poema seu, 'Grasping the Nettle' [O touro polos cornos], foi incluído na antoloxía *The Forward Book of Poetry* (2009). Publicou tamén dúas traducións de poesía contemporánea mexicana, *Mother Tongue. Selected Poems* de Pura López Colomé e *If We Have Lost our Oldest Tales* de María Baranda, ambos os dous en 2006. A súa tradución de *The Disappearance of Snow [A desaparición da neve]* de Manuel Rivas, publicada por Shearsman Press en 2012, foi preseleccionada para o premio Popescu de tradución. As súas versións de poemas de Chus Pato están incluídas nas antoloxías *To the Wind Our Sails. Irish Writers Translate Galician Poetry [Coas nosas velas ao vento. Escritoras irlandesas traducen poesía galega]* (2010) e *Forked Tongues. Galician, Basque and Catalan Women's Poetry in Translations by Irish Poets [Linguas bífidas. Poesía de mulleres galegas, vascas e catalás en tradución de poetas irlandesas]* (2012).

CAMIÑANDO POLA ESTRADA DO TREMO

*ocorréuselle que a felicidade sería como ter unha laverca
que se ergue desde a boca do estómago ata a cabeza
para estoupar nun canto que só ela recoñecería.*

*Que o seu corazón era un xardín murado
coidado por unhas xardineiras chamadas Prudencia, Constanza e Fe,
pero a súa vida semellaba máis ben un tremo no cumio dun outeiro
e, a xente nela, ovos que paxaros cantores puxeran no chan,
invisíbeis para os nosos ollos pero totalmente expostos.*

*Que as relacións consistían en escoller os pasos
polo tremo sen alterar os niños,
e a posibilidade da ledicia pendía dalgún xeito
dunha familiaridade coa febleza
só coñecida en ámbito salvaxe;*

*como os ovos da laverca, era algo
que non se podía apañar, algo
para chocar de vez, eternamente.*



(LORNA SHAUGHNESSY)

Luns **18** de abril
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Isaac Xubín





Nado na Coruña en 1978, **Isaac Xubín** é Licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, e mestre en Política lingüística e planificación da lingua galega. Como tradutor, profesor e investigador elaborou un dicionario bilingüe galego-éuscaro. Constituíndo o noso principal tradutor da lingua vasca para o galego, publicou traducións entre as que destacan *Sete poetas vascos* e *Tempo de exilio*, de Joseba Sarrionandia, polos que gañou os prestixiosos premios de tradución Loís Tobío (2013) e Etxepare (2015) respectivamente. Así mesmo, foi lector de lingua e cultura galegas na Universidade Nacional de Irlanda (University College Cork), e na actualidade escribe a súa tese de doutoramento, un estudo sobre as relacións entre literatura e gastronomía.

Como creador ten publicado obras de poesía entre as que cómpre salientar *Lisboa* —Premio de poesía da Universidade de Vigo— e *Con gume de folla húmida* —XXIV edición do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón—, e de narrativa curta: *Château Bobcat* e *Le pied de Julien DuPuy*, ambos os dous primeiro premio no certame Os Viadutos de Redondela. No vindeiro mes de setembro publicará a súa primeira novela, *Non hai outro camiño*.

OILEÁIN ÁRAINN

*Nacer en Inis Mór co océano a zoupar nos ollos e a meterse sen remedio
polas calexas de son ou furnas que forman os oídos.
Nacer alí e saber o que é
navegar as ondas e soñar con cabalos a penetrar o vento
durante quilómetros e quilómetros
sen sentir o Boireann nas pedras,
como se fose un topónimo a renacer noutras pequenas linguas
que nunca soñaran resistir.*

*Vivir en Inis Mór,
na do Medio ou na do Leste,
soñar penetracións rubias a rentes da herba e sentir
o bico da lúa que te pica
de golpe na tempa esquerda para lembrar
que non é todo verde nesta illa,
que tamén existe a cor vermella
se naces en Inis Mór
a desexar a visión eterna da muller de Cláir.*



(ISAAC
XUBÍN)

Luns **18** de abril
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(N)VERSOS



Lorna Saughnessy

